

# Periodización de la Literatura Española

## 1.- LITERATURA MEDIEVAL (XII,XIII XIV e XV)

### 1.1. PRIMERAS MANIFESTACIONES

### 1.2. SIGLO XIII

### 1.3. SIGLO XIV

### 1.4. SIGLO XV (Prerrenacimiento)

## 2.- EDAD MODERNA (XVI, XVII e XVIII)

### 2.1. RENACIMIENTO (Siglo XVI)

### 2.2. BARROCO Y SIGLO DE ORO (Siglo XVII)

### 2.3. NEOCLASICISMO/ ILUSTRACIÓN (Siglo XVIII)

## 3.- EDAD CONTEMPORÁNEA ( XIX e XX)

### 3.1. SIGLO XIX

#### - ROMANTICISMO ( Primera mitad siglo XIX)

#### -REALISMO ( 2ª mitad siglo XIX)

### 3.2. SIGLO XX

#### 3.2.1. PREGUERRA (1900-1936)

#### -MODERNISMO Y GENERACIÓN DEL 98 (Finales del XIX /1936)

#### -NOVECENTISMO , VANGUARDISMO Y

#### GENERACIÓN DEL 27 ( 1910-1936)

#### 3.2.2. POSGUERRA (1936-1975)

#### 3.2.3. LITERATURA ACTUAL( a partir de 1975)

Jarchas y villancicos

Cantar de Mio Cid, Mester de Clerecía:  
Gonzalo de Berceo. Alfonso X "el Sabio"

El Romancero (poesía anónima XIII,XIV y XV)

Mester de Clerecía:Arcipreste de Hita. D.  
Juan Manuel

Marqués de Santillana,Juan de Mena, Jorge  
Manrique, La Celestina

Gracilaso de la Vega, Fray Luis de León, San  
Juan de la Cruz, Santa Teresa de Jesús  
Lazarillo de Tormes, Amadís de Gaula

Cervantes, Góngora, Quevedo, Calderón de  
la Barca, Tirso de Molina, Baltasar Gracián

Félix María Samaniego, Tomás de Iriarte  
José Cadalso,Leandro Fdez. de Moratín  
Padre Feijoo, Gaspar M. de Jovellanos

Bécquer, Espronceda, Rosalía de Castro  
Larra, José de Zorrilla

Pérez Galdós, Clarín, Emilia Pardo Bazán,  
Valera

Rubén Darío, Manuel Machado  
Unamuno, Baroja, Azorín, Valle-Inclán, Antonio  
Machado, Ramiro de Maeztu, J. Benavente

Juan R. Jiménez, León Felipe, Gómez de la Serna,  
Gabriel Miró, Ortega y Gasst, G. Marañón

García Lorca, Pedro Salinas, Jorge Guillén, V.  
Aleixandre, R. Alberti, L. Cernuda, Gerardo Diego  
//Miguel Hernández Dámaso Alonso

Blas de Otero, Gabriel Celaya, García Nieto, Carlos  
Bousoño, Eugenio de Nora  
Camilo J. Cela, Delibes, Torrente Ballester, Luis  
Martín-Santos, Sánchez Ferlosio  
Bueno Valleio. Miquel Mihura. Sastre. Casona. J.

# Periodización da Literatura Galega

## 1.- LITERATURA MEDIEVAL (XIII, XIV e XV)

### 1.1.- PERÍODO TROBADORESCO (1196-1350) (Lírica galego- portuguesa)

### 1.2.- PERÍODO POSTROBADORESCO (1350- 1483) (Escola galego- castelá)

## 2.- SÉCULOS ESCUROS (XVI, XVII e XVIII)

## 3.- LITERATURA CONTEMPORÁNEA ( XIX e XX)

### 3.1.-REXURDIMENTO (1808- 1890)

-Etapa de transición (1808- 1833)

-Et. dos precursores /pre-rexurdimento (1834-1862)

-Etapa do Rexurdimento pleno (1863- 1888)

### 3.2.- DEPRESIÓN FINISECULAR (1889- 1915)

### 3.3.- 2º REXURDIMENTO ou ÉPOCA NÓS(1916-1936)

### 3.4.- LITERATURA DE POSGUERRA (1936- 1975)

-Silencio interior e exilio (1936- 1950 / 1960)

-Recuperación / Unha nova eclosión ( 1950- 1975)

### 3.5.- LITERATURA ACTUAL ( a partir de 1975)

A literatura galega vive un primeiro momento de esplendor coincidente cunha situación de prosperidade económica e un alto grao de soberanía, entre finais do XII e mediados do XIV: Cantigas de amigo, Cantigas de amor, Cantigas de escarnio e maldicir, Cantigas de Santa María...

A partir de mediados do XIV a crise económica e a progresiva concentración de poder no reino de Castela desencadean a decadencia da nosa literatura: prosa, Escola galego- castelá.

Etapa de decadencia, que coincide co proceso centralizador e a definitiva subordinación do noso país á coroa de Castela. O galego perde a condición de lingua literaria e só se conservan mostras illadas de poesía e teatro (Gabriel Feixoo, Vázquez de Neira, Gómez Tone!, Martín Torrado...) a carón da literatura popular e oral (contos, lendas...)

Na segunda metade do XVIII, os Ilustrados (Martín Sarmiento...) preparan o camiño do Rexurdimento.

O labor reivindicativo dos ilustrados comeza a dar os seus froitos no 1º terzo do XIX: aparece entón unha literatura propagandística de carácter político e patriótico. No 2º tercio do XIX sitúase a obra dos *precursores* e nace o galeguismo, movemento reivindicativo da identidade nacional que xoga un papel fundamental no renacemento cultural e literario do país. A partir de 1863 (*Cantares gallegos*) entramos no Rexurdimento propiamente dito. A poesía é o xénero hexemónico (Rosalía, Curros, Pondal...). Cara a finais do século aparecen as primeiras obras de prosa e teatro (Marcial Valladares, Lamas Carvajal, Francisco María de la Iglesia)

Etapa de decadencia literaria, sobre todo no plano cualitativo:  
Lópes Ferreiro, Galo Salinas, García Barros, Noriega Varela...

O movemento nacionalista iniciado coas *Irmidades da Fala* posibilita que a literatura galega viva unha nova etapa de esplendor, con importantes manifestacións nos ámbitos da poesía (Manuel Antonio, Amado Carballo) e da narrativa de ficción (Otero, Risco, Castelao...);consolidase e diversifícase a produción teatral (Dieste...) e aparece o ensaio en galego.

Despois dunha primeira fase na que o galego desaparece como lingua literaria e só se mantén vivo no exilio (Seoane, Blanco-Amor, Castelao...), a partir de finais dos 40 comeza unha lenta recuperación que se ve dificultada pola imposición do castelán como única lingua oficial.

-Narrativa: Cunqueiro, Fole, Blanco-Amor, Neira Vilas, Casares, Ferrín...

-Poesía: Cunqueiro, Pimentel, C.E. Ferreiro, Manuel María, Díaz Castro, Tovar, Novoneyra, B. Graña, Ferrín...

-Teatro: Cunqueiro, Marinhas del Valle, Carballo Calero...

O tránsito da Ditadura a un réxime de democracia parlamentaria e a descentralización do Estado favorecen un proceso lento de normalización cultural e lingüística.

Manuel Rivas, Suso de Toro, Xavier Alcalá, Freixanes, Pilar Pallarés, Fernán-Vello, Forcadela, Xavier Seoane...

# Literatura medieval (XII-XV)

## 1. A lírica medieval

A lírica medieval galega apenas foi coñecida ata comezos do século XIX. O descubrimento dos códices que contiñan a lírica profana supuxo unha gran sorpresa, xa que subliñaban a realidade histórica dun idioma hexemónico na Idade Media que contrastaba coa realidade lingüística do galego no século XIX, desprestixiado e marxinado.

Entendemos por lírica medieval un conxunto de composicións poéticas que comprende arredor de 1.680 textos profanos e 420 relixiosos. Estas composicións (cantigas) foron escritas nunha lingua común galego-portuguesa ao longo de máis de 150 anos, nun período que abrangue dende fins do século XII ata mediados do século XIV. As cantigas son poemas que están destinados ao canto, non á lectura, e, por tanto o trovador compuña letra e música. Chegaron ata nós recollidas en enormes manuscritos (códices) que coñecemos co nome de **cancioneiros**.

### **Autores e intérpretes**

A lírica medieval galego-portuguesa débese a 153 poetas. Os autores e intérpretes de toda esta produción poética estaban divididos, segundo a súa categoría social, en tres grupos: trovadores, segreis e xogares.

- Os **trovadores** eran grandes señores da nobreza, mesmo reis, que escribían as composicións, composicións que entregaban aos xogares para que estes as interpretasen.

- Os **segreis** pertencían á pequena nobreza, á fidalguía, e interpretaban as súas propias composicións e cobraban por elas. Esta figura do segrel é exclusiva da nosa lírica, non existía na provenzal.

- Na escala máis baixa estaba o **xograr** que, en principio, era única e exclusivamente o intérprete das cantigas que compoñían os trovadores, mais nas cortes hispanas sabemos de xogares que interpretaban as súas propias composicións.

Ademais destes intérpretes, destacaban tamén os **menestreis** (músicos profesionais) e as **soldadeiras**, mulleres que danzaban ou saltaban durante a interpretación das cantigas.

### **A tradición manuscrita**

A lírica medieval chegou a nós recollida en códices. Estes códices eran escritos a man polos *copistas* e, moitos deles, ilustrados por verdadeiros artistas con preciosas miniaturas. A lírica profana chegou ata nós unicamente en tres códices que foron copiados en épocas diferentes:

- **Cancioneiro da Ajuda** (A), o máis antigo, atopado e conservado en Lisboa. Quedou sen rematar, xa que lle falta o nome dos trovadores, parte das miniaturas e a notación musical.

Os outros dous, moito máis completos, son copias que mandou facer, a fins do século XV ou comezos do XVI, o humanista italiano Angelo Colocci:

- **Cancioneiro da Biblioteca Nacional** (B); actualmente está en Lisboa.

-**Cancioneiro da Vaticana** (V); permanece onde foi achado, na Biblioteca Apostólica Vaticana de Roma.

Ademais destes tres cancioneros, contamos con outros testemuños nos cales se recollen manifestacións de lírica medieval galego-portuguesa. Son o **Pergamiño Vindel** o **Fragmento Sharrer** e o **Cancioneiro de Berkeley**.

## 1.1. Lírica profana

A lírica profana divídese en tres grandes xéneros: *cantigas de amor*, *cantigas de amigo* e *cantigas de escarnio e maldicir*. As de *amor* e *amigo* teñen como tema común o amor, mentres que as de *escarnio e maldicir* son satíricas e burlescas.

### Cantigas de amor

A **cantiga de amor** é o xénero máis vinculado á lírica provenzal, porque nel concrétase unha adaptación á sociedade, á mentalidade e á cultura galego-portuguesa da teoría do *amor cortés* creada pola cultura trobadoresca occitana, na que o poeta era o vasalo da súa dama. **Composición** dirixida a unha muller e posta en boca dun home. Segundo a presenza ou ausencia de refrán na cantiga, temos:

- **Cantigas de mestría**: consideradas máis perfectas por respectaren o modelo provenzal. Carecen de refrán.

-**Cantigas de refrán**: consideradas máis imperfectas, nelas aparece un **retrouso** ou **refrán ao final de cada cobra** que pode estar constituído por un ou varios versos.

#### Cantiga de amor

A dona que eu am'e tenho por senhor  
amostrade-mi-a, Deus, se vos em prazer for,  
se nom dade-mi-a morte.

A que tenh'eu por lume d'estes olhos meus  
e por que choram sempre, amostrade-mi-a, Deus,  
se nom dade-mi-a morte.

Essa que vós fezeistes melhor parecer  
de quantas sei, ai Deus!, fazede-mi-a veer,  
se nom dade-mi-a morte.

Ai, Deus! qui mi-a fezeistes mais ca mim amar,  
mostrade-mi-a u possa com ela falar,  
se nom dade-mi-a morte.

Bernal de Bonaval

#### Cantiga de amigo

E no grado, en Vigo,  
bailavaa corpo velido:  
amor hei!

En, Vigo eno sagrado,  
bailava corpo delgado:  
amor hei!

Bailava corpo velido,  
quencia houver' amigo:  
amor hei!

Bailava a corpo delgado,  
que nuca houver' amado:  
amor hei!

Que unca houver' amigo,  
ergás no sagrad' en Vigo:  
amor hei!

Que nunca houver' amado,  
ergás en Vigo, no sagrado:  
amor hei!  
Martin Codax

## Cantigas de amigo

As cantigas de amigo son a produción máis característica da poesía galega medieval. Trátase dun desenvolvemento autóctono dunha poesía popular de carácter feminino, que se cultivou en Europa durante a Idade Media. A diferenza da cantiga de amor, a cantiga de amigo está posta en boca dunha muller que se dirixe ao seu amado.

Os recursos compositivos máis característicos da cantiga de amigo son:

-O **refrán**: é a repetición regular de un ou máis versos, case sempre ao final de cada estrofa. Concreta o estado de ánimo da muller ou o tema da cantiga.

-O **paralelismo**: é un procedemento de repetición mediante o cal os versos dunha estrofa volven aparecer no seguinte con escasas diferenzas.

-O **leixaprén**: é un recurso que relaciona as estrofas de dúas en dúas: consiste en coller o segundo verso da primeira estrofa e usalo como primeiro verso da terceira; o segundo da segunda, como primeiro da cuarta; o segundo da terceira, como primeiro da quinta; e así sucesivamente.

## Cantigas de escarnio e maldicir

As cantigas de *escarnio e maldicir* son composicións satíricas e burlescas, que ridiculizan personaxes, vicios ou costumes. As cantigas de escarnio xogan co dobre sentido, mentres que as de maldicir son máis directas nos seus ataques e prescinden do dobre sentido das palabras. Desde o punto de vista temático, atopamos sátira política e militar, sátira social, de costumes, sexual, literaria e tamén sátira moral e relixiosa.

### 1.2. Lírica relixiosa

#### Cantigas de Santa María

O cancionero relixioso galego-portugués está constituído polas 427 composicións contidas nas **Cantigas de Santa María**, que son o froito dun traballo colectivo coordinado e dirixido por Afonso X. Tradicionalmente clasifícanse as cantigas en dous grupos: Cantigas líricas e Cantigas narrativas ou *miragres*.

## 2. A prosa medieval

A actividade literaria en lingua romance da Baixa Idade Media foi eminentemente lírica. Pódense establecer dous períodos na produción en prosa: o da **prosa galego-portuguesa** que inclúe os textos da etapa aínda común (século XIII e parte do XIV) e o da **prosa galega** diferenciada da prosa portuguesa (finais do século XIV e século XV).

## Prosa galego-portuguesa

Na prosa galego-portuguesa, destaca a por un lado a *narrativa do ciclo artúrico*. Compoñen o ciclo as seguintes obras: o libro de *Xosé de Arimatea*, onde se narra a orixe e significado do Santo Graal e o seu traslado de Xerusalén a Bretaña; o libro de *Merlín*, que conta as profecías do mago Merlín; e o libro de *A demanda do Santo Graal*, que narra as aventuras dos cabaleiros da Táboa Redonda á procura do Graal.

Por outra parte, hai textos historiográficos, que adoitan introducir relatos fantásticos e lendarios; desempeñan unha función propagandística ao servizo do poder. Os libros máis destacados desta tendencia son a *Crónica Geral Galega* (tradución galega da *Crónica General* e da *Crónica de Castilla* de Afonso X) e a *General Estoria* (tamén tradución da obra homónima do devandito monarca).

## Prosa galega

Os textos propiamente galegos clasifícanse en tres grupos: narrativa do ciclo troiano, haxiografías e historiografías.

# Séculos Escuros (XVI, XVII, XVIII)

No remate do período medieval a situación mudará drasticamente e unha serie de circunstancias, alleas á literatura, fixeron cambiar o curso lineal da historia en xeral e tamén o da nosa literatura. O noso reino comezou a agonizar de xeito traumático, especialmente a partir do reinado dos Reis Católicos. Con eles inaugúrase unha etapa de represión dos nosos costumes e tradicións. Tamén se vai ver afectada a lingua galega, que ficará reducida á condición de lingua oral, perdendo os rexistros formais e desaparecendo practicamente da escrita. A nosa lingua e a nosa literatura van ser suplantadas por outras foráneas e alleas á nosa realidade.

## 1.- LITERATURA DOS SÉCULOS XVI e XVII

Nesta etapa non se pode falar da existencia plena de literatura galega debido á persecución e aniquilamento a que se viu sometida a nosa lingua. A represión lingüística actuou sobre a variante escrita que desde había séculos se viña cultivando, polo que a nosa historia literaria pasará dunha época de case 500 anos de normalización e prestixio a nivel europeo a unha nova etapa de máxima ocultación e deterioro. Os textos que se producen son moi escasos, malia todo aínda conservamos algunhas mostras de diferentes xéneros, entre as que cómpre destacar as seguintes:

1.1.- POESÍA TRADICIONAL CON CARÁCTER ANÓNIMO E ORAL, que xira arredor de figuras e sucesos históricos como o “Pranto da Frouseira”, sobre a decapitación do Mariscal Pardo de Cela, ou o “Saqueo de Cangas polos turcos”. Todos eles eran relatos orais que máis tarde eran recollidos a man, sendo publicados posteriormente na prensa do XIX.

1.2.- POESÍA ACADÉMICA RENACENTISTA E BARROCA. Neste grupo encádranse diferentes composicións de carácter culto como o “Soneto de Monterrei” (1530), obra renacentista da Condesa de Altamira, ou os dous sonetos barrocos incluídos no volume “Relación de las exequias (...) de la Reina Margarita” (1612) da autoría de Xoán Gómez Tonel: trátase de dous poemas élexíacos, un do propio Gómez Tonel e o outro de Pedro Vázquez de Neira. Tamén terá o seu lugar a poesía satírica coa obra “Décimas ao Apóstolo Santiago” (1617) de Martín Torrado, composición destinada a satirizar a idea de Felipe IV de querer facer compartir o padroado de España ao Apóstolo Santiago con Santa Teresa. Moi significativa foi, así mesmo, a convocatoria a partir do ano 1536 na Universidade de Santiago das denominadas Festas Minervais, que acabaron incluíndo un certame literario do que conservamos algunhas mostras: trátase de nove romances, de escaso valor literario, presentados nas Festas de 1697.

1.3.- VILANCICOS. Sobrancean abundantes exemplos manuscritos de vilancicos de Nadal e Reis nos arquivos das nosas catedrais e mesmo nas de fóra do país: Lisboa, Coimbra, Valladolid, Zamora ou Toledo. Trátase de vilancicos cultos, que probablemente triunfarían fóra polas moitas semellanzas que se vían entre a realidade da Galicia rústica e illada e a que se presupoñía para a Palestina antiga; as similitudes fonéticas entre galileo e galego, Oriente e Ourense; a grande difusión no noso país dos nomes de Manuel e María e a conversión de Santiago de Compostela, importante centro de atracción de peregrinos, nunha nova cidade de Belén.

1.4.- TEATRO. Xénero representado pola primeira peza que conservamos na historia da nosa literatura. Trátase dunha obra da segunda metade do XVI titulada “Entremés famoso sobre a pesca no río Miño” (1671), composta polo licenciado Gabriel Feixó de Araúxo. O seu tema baséase nun feito histórico como é a disputa pola pesca no río Miño entre galegos e portugueses; porén, este aparente enfrontamento non vai máis aló e a obra remata coa plena reconciliación que se celebrará cunha danza e co reforzamento da súa amizade. É moi probábel que esta obra sexa unha mostra dun número maior de pezas dramáticas escritas nestes séculos.

## 2.- LIERATURA DO SÉCULO XVIII. A ILUSTRACIÓN.

Unha vez que nos adentramos no século XVIII as cousas comezan a mudar de cor. Ao abeiro do predominio da razón por riba de todas as cousas, van xurdindo unha serie de personalidades cultas e instruídas como o Padre Feixoo ou o Padre Sarmiento, que loitarán por emendar os erros cometidos na etapa precedente. O Padre Feixoo tentará anular un tópico acuñado nos séculos anteriores a respecto do galego como unha deformación corrupta do español, afirmando que en todo caso o galego será un irmán xemelgo do portugués. Unha defensa a ultranza do idioma galego, como lingua de cultura capacitada para desenvolver todos os rexistros orais e escritos, levouna a cabo igualmente o Padre Sarmiento. Isto explica que moitos dos traballos que se van realizar neste momento por estas personalidades non sexan tanto de carácter literario como tratados históricos de lexicografía.

Outros nomes de destacar son os dos poetas continuadores da xeración de Sarmiento, entre os que cómpre citar a Diego Antonio Cernadas e Castro (o cura de Fruíme), Cornide Saavedra, etc. O Padre Sarmiento, xunto co Padre Sobreira, salientou tamén por ser un dos primeiros que refire a importancia da elevadísima produción lírica popular galega que se xestaba xa no século XVIII e que continuaría ao longo do XIX.



# Literatura contemporánea (XIX, XX e XXI)

## 1.- REXURDIMENTO. SÉCULO XIX (1808-1890)

### 1.1.- ETAPA DE TRANSICIÓN (1808-1833)

Durante o século XIX van continuar sucedéndose numerosos exemplos nados oralmente ao abeiro da cultura do pobo, mais vai acontecer un suceso moi importante na historia das letras galegas: os nosos textos comezan de novo a poñerse por escrito, tal e como se fixera xa anteriormente na Idade Media grazas aos escribáns. Estes primeiros textos escritos están datados a principios do século XIX e **nacen como resposta de defensa patriótica ante o ataque dos franceses**; así, en 1808 publícase un romance anónimo titulado *Un labrador que foi sarxento aos soldados do novo alistamento*, posto en boca dun labrego que chama aos mozos a loitar contra os invasores franceses. Xosé Fernández Neira, pola súa parte, escribirá en 1810 *Proezas de Galicia*, onde enxalza as fazañas dos galegos na guerra, e en 1813 imprimírase anonimamente na Coruña un novo romance titulado *Os rogos dun gallego establecido en Londres, dedicado ós seus paisanos para abrílles os ollos sobre certas iñorancias e o demais que verá o curioso leutor*, que pertence a Manuel Pardo de Andrade.

Un novo xénero, os **Diálogos**, con carácter reivindicativo e de corte liberal, vai ter unha grande difusión na primeira metade desta centuria, converténdose en mostras de grande interese histórico e lingüístico. Entre outros destacan: *La tertulia en la Quintana* (1820), *O Tío Farruco, Diálogo entre dos labradores gallegos afligidos y un abogado instruído, despreocupado y compasivo* (1823, de Pedro Boado) e *La tertulia de Picaños* (1836).

### 1.2.- OS PRECURSORES (1834-1862)

**Os precursores** son escritores que xa tiñan publicado algunha composición en galego antes do ano 1863, ano en que Rosalía de Castro publica *Cantares gallegos*, o primeiro libro publicado integramente no noso idioma.

Na segunda década do XIX comézase a escribir unha nova poética galega cunha clara vontade de estilo e intención artística, como se ve nas dúas pezas de **Nicomedes Pastor Díaz**: *Alborada* e *Égloga de Belmiro e Benigno*. A este autor seguiralle unha extensa nómina de escritores que, entre outros trazos comúns, comezan a reivindicar o uso do idioma, en clara contestación a aqueles que lle seguían negando a condición de lingua e a cualificaban como unha linguaxe ruda e bárbara negándolle calquera perspectiva de futuro. Tan só lembraremos a figura de tres escritores representativos desta época que van actuar como os precursores dun novo esplendor literario que se aveciña.

**O primeiro deles será Francisco Añón**, persoa de gran cultura e gañador do certame literario celebrado na Coruña en 1861, coñecido como Primeiros Xogos Florais, coa composición *A Galicia*. Este acontecemento poético tivo unha grande aceptación e presenza de concursantes, tal e como hoxe podemos comprobar no volume *El Álbum de la Caridad* onde se recollen todas as composicións que participaron no concurso e que constitúe a primeira colectánea de poesía galega do século XIX.

A figura de **Xoán Manuel Pintos**, por outra banda, sobranceará por moitos motivos: pola súa sólida formación humanística e clásica, por ser un defensor da lingua galega así como da súa restauración e dignificación, e por ser o autor do primeiro libro en galego do XIX, titulado *A gaita gallega* (1853).

Nesta fermosa obra Pintos bota man dun gaitero galego tradicional que vai instruindo a Pedro Luces, tamborileiro non galego, tanto na arte musical como na historia do noso país.

**Antonio Benito Fandiño**, así mesmo, vai destacar por ser o creador dunha das primeiras pezas dramáticas das que conservamos o manuscrito, *A Casamenteira*, escrita no ano 1812 e na que se critica un tema moi común na época: os casamentos amañados.

### 1.3.- REXURDIMENTO PLENO (1863-1888)

O Rexurdimento pleno comeza da man de **Rosalía de Castro** (1837-1885), que publica a súa primeira obra, *Cantares gallegos*, o 17 de maio de 1863, data emblemática que cen anos despois se oficializará para a conmemoración do Día das Letras Galegas. *Cantares gallegos* convértese no primeiro libro de poemas monolingüe en galego, incluído o prólogo, desta época restauradora, e nel recóllense múltiples referencias críticas ao pasado e ao presente de Galiza, ficando patente a denuncia e a crítica realista polo que lle está a acontecer aos seus compatriotas: emigración forzosa, inxustizas dos caciques para cos máis desfavorecidos, maltrato de Castela para con Galiza, etc. Rosalía, como muller e como galega, é unha das nosas escritoras máis reivindicativas e comprometidas coa realidade da Galiza decimonónica: a realidade discriminadora da muller, do mundo literario-cultural e de Galiza como país con entidade propia. A súa obra é un compromiso político e social subliñado pola autora tanto nos seus prólogos coma nos dous volumes poéticos que nos legou en lingua galega, *Cantares gallegos* e *Follas novas*, ambos os dous diferentes mais complementarios para entender a súa forte personalidade. As 34 composicións de *Cantares gallegos* pódense agrupar en 4 bloques temáticos: poemas costumistas, poemas intimistas, poemas de amor e poemas político-sociais.

*Follas novas*, o segundo poemario en galego da autora, amosa unha estrutura externa dividida en cinco partes (“Vaguedás”, “Do íntimo”, “Varia”, “Da terra”, “As viúdas dos vivos e dos mortos”), que se poden agrupar en dous bloques temáticos fundamentais:

1) **Poesía intimista**, metafísica e solitaria: onde se inclúen as dúas primeiras partes, nas que a autora se adentra nas interioridades da existencia problemática humana, interrogándose sobre o sentido da vida e da morte, adiantándose ás correntes existencialistas do século XX.

2) **Poesía social**, colectiva e solidaria: á que pertencen as dúas últimas partes, nas que Rosalía convértese na voz de milleiros de azoutados pola emigración e mais das mulleres, que fican soas e abandonadas en vida; a crítica á función social do matrimonio e o seu carácter opresivo para a muller tamén serán temas fondamente tratados.

“Varia”, a terceira parte, e central, actúa no ecuador do libro como transición entre estes dous bloques citados.

A segunda figura representativa do rexurdimento das letras galegas é **Curros Enríquez** (1851-1907), autor moi popular no seu momento, ao igual que Rosalía, polo emprego dunha lingua directa que chegaba ao pobo. Curros cría firmemente na función social da poesía, de aí que os seus poemas (recollidos en *Aires da miña terra*) sexan unha transmisión da súa ideoloxía: aposta polo futuro, polo progreso, pola modernidade, que simbolizan a superación do atraso secular e a liberdade. Só así se podería superar a opresión do pobo galego e da súa lingua. O anticlericalismo foi outro aspecto destacable na súa obra, culpabilizando á Igrexa por aliarse sempre cos máis poderosos e non mirar polos máis desfavorecidos social e economicamente. No libro domina a temática social, mais tamén atopamos poemas intimistas e costumistas.

A obra *O divino sainete*, parodia de *A divina comedia* de Dante. A acción transcorre nun tren que se dirixe a Roma para gañar o xubileo e cada un dos vagóns representa un dos sete pecados capitais e neles viaxan personalidades moi coñecidas da época. Por exemplo, no vagón da gula vense os frades devorando ao historiador Murguía, ao poeta cego Lamas Carvajal, a Pondal, a Rosalía e ao mesmísimo Curros. No vagón da envexa retrátase, aínda que non é citada literalmente, a condesa de

Pardo Bazán desprezando a obra de Rosalía e toda a literatura galega. Mais a crítica e o humor chegan ao momento culminante cando, no final da viaxe, xa chegados a Roma, Curros consegue a promesa do Papa de abandonar as riquezas da Igrexa.

**Eduardo Pondal** (1835-1917), a terceira figura senlleira que destacamos da época da nosa restauración literaria, home intelectual e culto por excelencia, eleva o galego literario ao culmen poético, enriquecéndoo de cultismos e inaugurando a contemporaneidade das nosas letras. O autor do himno nacional asume o papel de bardo transmisor da memoria do pobo, depositario do modelo moral a seguir e representativo do sentimento da liberdade e da dignidade do noso pobo céltico. Este retrato moral do bardo pondaliano descríbese tamén fisicamente nos poemas de *Queixumes dos pinos* como un ser superior aos mortais, vestido de forma estraña, con barba medrada e semblante pálido. A súa función última é a de concienciar ao pobo. A poesía cívica de Pondal asenta en tres aspectos orixinais e novidosos:

1) **Celtismo**: no séc. XIX os historiadores difunden a teoría das nosas orixes célticas que nos diferencian dos pobos hispánicos. Manuel Murguía, o home de Rosalía, na súa *Historia de Galicia* (1886) contribuírá a sustentar o mito céltico coa figura de Breogán, antepasado que logo será convertido en figura poética por Pondal, outorgando ás teorías célticas de Murguía un tratamento mítico-literario.

2) **Bardismo**: Pondal pensa que é ao poeta a quen lle corresponde converterse en guía do pobo escravizado. De aí que reivindicase a figura do bardo, que era o poeta e dirixente dos antigos celtas, quen coa súa voz instruía e conducía ao pobo.

3) **Helenismo**: a influencia da cultura helénica, da que Pondal era un profundo coñecedor, maniféstase en numerosos motivos poéticos como o sentimento heroico ou o carácter heroicista que chama a loitar e morrer pola patria.

No que atinxe á poesía lírica, distinguimos dous núcleos poéticos: a natureza (paisaxe áspera, agreste) e a muller (unhas veces idealizada; outras retratada como simple obxecto sexual)